

17, 18 e 19 de decembro

## MEMORIAS ROTAS LA BALADA DEL COMANDANTE MORENO

Directora: Manane Rodríguez  
Documental

España, 2010 - 66 min (V.O.)

TODOS OS PÚBLICOS

FORMATO: DVD

Este documental é unha das poucas crónicas audiovisuais existentes referidas á Guerra Civil española en Galicia. Cae Asturias en mans do exército franquista. Cercados, os combatentes republicanos tentan fuxir por mar. Un grupo de loitadores antifascistas galegos, pertencentes ao Batallón Galicia e liderados polo anarquista José Moreno Torres, fracasado o seu intento de fuxida, diríxese a Galicia perdéndose o seu rastro nos montes do Acevo, na fronteira entre Asturias e Galicia.

**HORARIOS:** xoves, 20:30; venres, 20:30 e 23:00; sábado, 17:30 e 20:30 h.  
**ENTRADAS:** 3,00 €  
(carne xove, + 65 anos, persoas desempregadas, 2,00 €).  
**ABONO 5 PELÍCULAS:** 12,00 €  
**SESIÓNS DO ESPECTADOR:** venres 23:00 e sábados 17:30 h.  
**PRECIO ÚNICO:** 1,50 €  
**VENDA NO DESPACHO DE BILLETES:** media hora antes de cada función.  
**VENDA ANTICIPADA:** NO ambigú, de luns a VENRES (de 10:30 a 13:30 e de 16:30 a 19:30 h.)

FORUMETROPOLITANO

## SALA FERNANDO REY PRIMAVERA DA MEMORIA

Este outono representa para a cidade unha *primavera da memoria*, a reparación das lembranzas dunha etapa trágica e decisiva na historia recente de España, a guerra civil. Os cambios no rúeiro en cumprimento da Lei da Memoria Histórica de 2007 posibilitan unha necesaria e obxectiva reflexión sobre aquel intre fatal.

Neste ciclo ofrecemos catro mostras documentais daquel conflito no que conviviron crueza e épica, ideais e traicións. Unha vez adquirido certo consenso historiográfico sobre a sublevación contra a legalidade republicana e os excesos posteriores, o rexistro audiovisual encarna con fidelidade tal posicionamento.

Se o cinema realizado durante a transición política española facilitou a lóxica aparición de relatos, de ficción ou non, empeñados en rehabilitar ou recuperar o legado da II República, o que parafraseando ao especialista Paul Preston chamaríamos réxime asediado, tal situación, progresivamente reconducida cara unha práctica fílmica -e social- de consenso, permitiría, dentro dun período apretado de tempo, múltiples traballos de corte político, comprometido e militante, de ton directo ou alegórico.

La vieja memoria de Jaime Camino, realizado como un inesquecible filme enquisa a modo de sutil confrontación ou relato de perspectiva múltiple, coa participación de suxeitos claves de ambos bandos na guerra, é unha das mostras máis elocuentes, un dos títulos mellor elaborados. O que deba ser pedagogía de obrigada visión nas escolas non terá fácil relevo. O declive do rexistro cinematográfico documental logo da década dos 80, elimina continuidades nesta necesaria investigación. Dificilmente atopamos maior tópicos ou falsidade que a obsesión do cine español polo suceso bélico que determinou a vida de xeracións de cidadáns. A Lei da Memoria por contra consentiu a resurrección de materiais e narracións esquecidas. Neste contexto ubicamos filmes, con emotivas historias locais, como os dirixidos por Manane Rodríguez ou os fotógrafos Xurxo Lobato e Xosé Abad.

J. Manuel Sande García,  
Concelleiro de Cultura, Deporte  
e Coñecemento do Concello da Coruña

### 3 de decembro

#### 20.30 h - Presentación do ciclo coa intervención de

Xurxo Lobato, *Fotógrafo*

Ruben Afonso, *Secretario da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña.*

Xosé Manuel Pereiro, *Decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*

X. Manuel Sande García, *Concelleiro de Cultura, Deporte e Coñecemento do Concello da Coruña*

#### **ESTREA**

## **HERMANOS MAYO GUERRA CIVIL ESPAÑOLA**



**Director:** Xurxo Lobato

**Documental**

España, 2008 - 30 min (V.O.)

**FORMATO:** DVD

*O filme documental **Hermanos Mayo, guerra civil española** dirixido por Xurxo Lobato, narra en primeira persoa, a través da testemuña de Julio Mayo, a vida dos irmáns Mayo, fotoxornalistas de orixe coruñesa, que traballaron durante a IIª República e a Guerra Civil e logo exiliáronse en México. Julio Mayo é o derradeiro fotoxornalista da guerra civil aínda vivo.*

Este documental é un acto de memoria histórica en homenaxe ao último representante da firma e á voz que permitiu revivir a experiencia destes fotógrafos na fronte. O relato da Guerra Civil polos *Hermanos Mayo* é máis que unha fe notarial do sucedido. Constrúese como un travelling cinematográfico n que miles de instantáneas permiten reproducir a acción bélica nun movemento que abarca desde a contenda nas capitais republicanas ata todos os grandes frentes. Nunha etapa da historia do fotoperiodismo case por escribir, asociada de momento aos tres reporteiros de máis renome Robert Capa, Agustí Centelles e Alfonso, as dos *Hermanos Mayo* son firmas aínda pendentes de revelado.

Os Mayo eran, sobre todo, fotoperiodistas; traballadores cunha ferramenta, a súa cámara, que narraron aqueles feitos desde o compromiso coa esquerda, un momento histórico nos que usar a cámara era unha maneira de contribuír á defensa da democracia.

**Entrada con convite  
No despacho de billete do Forum desde media hora antes do  
comezo da proxección**

### 4 e 5 de decembro

## **LA VIEJA MEMORIA**



**Director:** Jaime Camino

**Documental**

España, 1977 - 170 min (V.O.)

**TODOS OS PÚBLICOS**

**FORMATO:** DVD

*Nós non pedimos vinganza, só coñecer a verdade.*

Documental no que se analizan os anos de la II República e a Guerra Civil española a través de imaxes de arquivo e entrevistas realizadas a algún dos protagonistas.

O documental utiliza un estilo propio, donde o narrador practicamente desaparece e son os actores políticos da época os que coas súas lembranzas recuperan os feitos daqueles tempos.

**Únicas proxeccións, venres e sábado ás 20.30 h**

### 10, 11 e 12 de decembro

## **O SEGREDO DA FROUXEIRA**

**Director:** Xosé Abad

**Documental**

España, 2010 - 60 min (V.O.)

**TODOS OS PÚBLICOS**

**FORMATO:** DVD

*Nós non pedimos vinganza, só coñecer a verdade.*

Setenta anos despois dun traumático acontecemento familiar, Paulino Gasalla atopa un pequeno paquete con recortes e recordos. Impresionado inicia unha minuciosa investigación que o levará a afrontar as consecuencias que implica o seu descubrimento. O segredo da Frouxeira afonda na historia de catro familias relacionadas por un feito dramático silenciado durante décadas. Este documental presenta un novo punto de vista da Guerra Civil Española e as súas consecuencias aínda hoxe.

